



FRIDA

CRIS COLLAZO E MARTIÑO MATO
ROCÍO GONZÁLEZ_DIRECCIÓN
OLGA CAMESELLE_COREOGRAFÍA
MANU PAINO_MÚSICA



UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA

UDI



SINOPSE

OBXECTIVOS XERAIS

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CIENCIAS SOCIAIS

EDUCACIÓN FÍSICA

MÚSICA

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

LINGUA GALEGA E LITERATURA

SINOPSE

Un día Frida, unha adolescente “aburrida da vida”, descobre unha marabillosa carta que a súa avoa Henriqueta lle escribira a FRIDA KALHO. Nela dáballe as grazas por mostrarlle que a arte é un talismán que o cura todo. A partires de entón, comeza un proceso de transformación que revolucionará a vida da cativa e todo o que está ao seu redor. A maxia da arte fará que a creatividade de Frida se dispare, fará que pinte cadros, que cante, que baile, que vista o espazo coas cores da vida e que á fin, coñeza a FRIDA KALHO.



Queremos ofrecervos unha pequena guía para que poidades traballar os contidos que apareceron na peza FRIDA. Se tedes algunha dúbida ou apetécevos charlar un pouco máis do espectáculo, podedes escribirme ao correo : cristina.collazo.gomez@gmail.com

Estarei encantada de recibir as vosas inquedanzas!

OBXECTIVOS XERAIS

- Traballar diferentes contidos a través da asistencia a unha peza teatral, FRIDA
- Comprender que a arte é un medio de comunicación, unha canle de expresión corporal, emocional e musical. O teatro, a pintura, a literatura, a música e a danza son un “talismán que o cura todo”
- Achegarse á figura da pintora FRIDA KALHO, coñecer as súas obras, filosofía de vida e cultura

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación Lingüística (CCL)
- C.en Matemáticas e C. En Ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia Dixital (CD)
- C. en Conciencia e expresión culturais (CSC)
- Competencia Plurilingüe (CP)
- Competencia Emprendedora (IEE)
- Competencia Cidadá (CSD)
- C. persoal. Social e de aprender a aprender (CPAA)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, CONTIDOS E ACTIVIDADES POR ÁREAS DE TRABAJO

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Ler, comprender, reflexionar e escoitar de xeito activo textos orais e escritos
- Valorar a variedade lingüística do español de América, concretamente de México
- Identificar o romance popular español que aparece na obra. Analizar a súa forma
- Investigar a procedencia e variantes dese romance
- Coñecer autoras de diversas épocas

CONTIDOS

- O RESUMO E A EXPOSICIÓN ORAL
- O ESPAÑOL DE MÉXICO. AS VARIANTES DA LINGUA ESPAÑOLA
- O ROMANCE CULTO E POPULAR. ANÁLISE DO ROMANCE POPULAR: TEMÁTICA E FORMA
- AS VARIANTES TEXTUAIS E LITERATURA ORAL CASTELLANA
- O SURREALISMO


ACTIVIDADES




Dividídevos en grupos. Preparade unha exposición oral onde resumades o contido da obra. Podedes empregar recursos varios, vídeo, música ou luces. Facede que o público se interese polo que estades a contar (CCL)



O español é un idioma que se fala en moitos lugares. Olla o mapa, identifica e colorea en que países se fala. Tamén o galego! No segundo mapa podes colorear os lugares onde se fala galego, portugués e portugués do brasil. Temos moita conexión con latinoamérica! Son as nosas “parceiras” (CP, CCL, CD)



O ESPAÑOL FÁLASE EN...




O GALEGO E PORTUGUÉS FÁLASE EN...



Se investigas un pouco máis a fondo atoparás unha máxica conexión entre a Galiza e FRIDA KALHO...Unha pista... O FUTBOLÍN! (CD)



No cadro A PELONA, hai un romance escrito. Analiza a súa forma. Investiga se hai outros semellantes e anótaos. Indica a súa procedencia. (CP, CCL, IEE, CSC)



V.O


v.1

v.2

v.3



A música e a poesía están estreitamente relacionadas. Os romances populares a miúdo eran cantados. Recopila ti outros romances que coñezas. (CPAA, CSC)



Frida Kalho fala das vangardas e alí nomea ao impulsor do SURREALISMO. Investiga de quen se trata e recopila algún dos seus poemas (CSC)

SABÍAS QUE...



FRIDA KALHO ademáis de pintar escribía cartas e poemas? Gustáballe moito ler poesía e escribir. Tiña un diario persoal onde deixaba testemuña das súas emocións e acontecementos. Tamén coñeceu a persoeiros destacados coma Tina Modoti, unha coñecida fotógrafa e activista mexicana, Trosky, un político e revolucionario e a André Bretón, a quen terás que investigar ;)



CIENCIAS SOCIAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Empregar xogos e dinámicas teatrais para a resolución de conflitos
- Coñecer o museo de FRIDA KALHO
- Achegarse á historia de España durante a guerra civil.

CONTIDOS

- A ACCIÓN-REACCIÓN, A ACTITUDE, O TRABALLO EN GRUPO
- O MUSEO DE FRIDA KALHO
- O EXILIO. A EMIGRACIÓN

ACTIVIDADES



Poñédevos en círculo e pasade unha palmada. É importante que miredes ven aos ollos da compañeira! ATENCIÓN a palmada pode ir en calquera dirección! Á palmada dicide un cadro que apareza na obra de FRIDA. Agora facede o mesmo, pero indicando unha acción que teña que realizar a compañeira. (CSD)



En roda, poñede unha canción que vos guste moito, unha das compañeiras fai un movemento e resto repiten! Xa veredes que divertido... Ídevos aquendando (CPAA)



En roda, sacade un obxecto da caixa imaxinaria...dádello á compañeira e que deixe voar a súa imaxinación! Sacade un dos personaxes que aparezan na obra! (CSD)



Aconteceu algún conflito ultimamente? Pois dádelle vida! Creade unha escena e procurade diferentes finais! (CPAA, CCL)




A CASA AZUL , foi a casa onde naceu, medrou e morreu FRIDA KALHO. Agora é un museo. Podes facer unha visita virtual nesta páxina web

<https://www.museofridakahlo.org.mx/>

Atrevédevos a recrear os cadros de FRIDA e facer vos mesmas o voso propio museo? Quen quere ser a guía? (CD, CMTC, IEE, CPAA)

INVESTIGA...



Na ficción a avoa Henriqueta viaxa a México na procura dun futuro mellor. Procura cales foron os países aos que emigraron moitas galegas nesta época. Sigue vixente a emigración? Reflexiona este tema



EDUCACIÓN FÍSICA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Utilizar recursos expresivos e de movemento de xeito creativo e estético.
- Identificar os momentos na obra no que a protagonista “pintaba” co corpo
- Recrear diferentes corpos en movemento

CONTIDOS

- A COREOGRAFÍA CREATIVA

ACTIVIDADES



A nosa protagonista, que tamén se chama Frida, empregou un corpo aburrido ao comezo da peza. Como sería? Como é un corpo aburrido? (CSC, CPAA, IEE)



Agora fai un corpo divertido! Como sería? Que máis corpos se che ocorren? (CSC, CPAA, IEE)




Frida tamén pintaba co corpo. Lembras o que facía? En que momentos? (CSC, CPAA, IEE)



Xuntádevos nun grupo e create unha coreografía onde empreguedes eses corpos! A ver que sae! Agora corpo divertido! Que pasaría en corpo aburrido? (CSC, CPAA, IEE)

SABÍAS QUE...



FRIDA KALHO sufriu de pequena unha enfermidade chamada polio. Logo diso, quedoulle unha pequena coxeira da súa perna dereita. Ademais no 1925 tivo un grave accidente que lle marcaría o seu corpo pra sempre.



MÚSICA


OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Identificar a forma musical do cadro A PELONA, interpretala e recoñecela na obra
- Identificar os instrumentos que aparecían na obra, investigar sobre a creación de bandas sonoras e efectos sonoros (FOLEY)
- Investigar de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.
- Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.
- Compoñer melodías e pezas sinxelas.
- Valorar e recoñecer a danza contemporánea e tradicional
- Valorar e recoñecer o teatro e o teatro de monicreques

CONTIDOS

- A PARTITURA. O ROMANCE E A FORMA TRADICIONAL MUSICAL
- AS FONTES E EFECTOS SONOROS
- AS DANZAS POPULARES MEXICANAS
- A COMPOSICIÓN
- OS INSTRUMENTOS DE VENTO MADEIRA, VENTO METAL E A PERCUSIÓN. A BANDA DE MÚSICA POPULAR
- COMPAÑÍAS DE TEATRO, DANZA E TÍTERES DA GALIZA. AS DANZAS POPULARES DE MÉXICO E DA GALIZA
- A MAROTA. TIPOS DE TÍTERES. OS OBXECTOS COMO TÍTERES

ACTIVIDADES



Esta é a partitura que aparece no cadro de A PELONA. Identifica este motivo na primeira peza que aparece na obra. Saberías identificar a forma da peza? ¹(CSC, CD, IEE,CPAA)



Investiga sobre as danzas populares mexicanas. Identifica os pasos e fai unha exposición (CSC, CD, IEE,CPAA)



Que instrumentos aparecían na obra? Lembras? Experimentade diversos efectos sonoros con elementos naturais(CSC, CD, IEE,CPAA)



As pezas que aparecen na obra son composicións orixinais feitas por Manuel Pains e arranxadas por David Fiúza e Manuel Pains. En grupos, realízade unha pequena composición cos recursos que teñades na aula. Podedes inspirarvos neste cadro de Frida ou en calquera outro que vos guste.

¹ A peza é unha FUGA composta por Manuel Otero Pains e arranxada para banda por David Fiúza. Escíbeme a cristina.collazo.gomez@gmail.com e eviaremosvos as pezas para que poidades escoitalas.



Autorretrato na fronteira de México e EEUU



Identifica os instrumentos musicais da banda e fai un pequeno traballo de investigación sobre as bandas populares da Galiza.



Que compañías galegas de teatro, teatro de títeres e danza coñeces? (CSC, CD, IEE, CPAA)

TEATRO

TEATRO DE TÍTERES

DANZA




Que tipo de títere aparecía na peza de FRIDA. (CSC, CD, IEE,CPAA)



A MAROTA é un tipo de títere de mesa ou de chan. Constrúe un títere, podes facelo con calquera material e forma! Incluso un obxecto pode ser un títere! (CSC, CD, IEE,CPAA)

SABÍAS QUE...



A FRIDA KALHO encantábanlle os títeres. Até tiña o seu propio teatriño.



EXPRESIÓN ARTÍSTICA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Identificar a época na que se desenvolveu a obra de FRIDA KALHO, características e artistas relevantes, empregando as tecnoloxías da información e comunicación de xeito responsable
- Coñecer e analizar os cadros de FRIDA KALHO, técnicas, temática, composición e cores
- Recoñecer os cadros na obra teatral
- Elaborar un cartel aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais a partir do cartel da obra FRIDA
- Realizar un autorretrato, plasmando ideas persoais, poñendo en valor a imaxe dunha mesma e dispoñéndose á orixinalidade

CONTIDOS

- AS VANGARDAS. ARTISTAS COETÁNEOS DE FRIDA KALHO. AS VANGARDAS NA GALIZA.
- A PALETA DE CORES DE FRIDA KALHO. TÉCNICAS EMPREGADAS. O AUTORRETRATO E O COLLAGE. OS CADROS DE FRIDA KALHO: O CAMIÓN, FRIDA TEHUANA, O MARCO, AUTORRETRATO CON MONO, A PELONA, AS DÚAS FRIDAS, A COLUMNA ROTA, VIVA LA VIDA



FRIDA, na peza de teatro que fostes ver, relatou a súa biografía nun dos seus cadros. En cal? Escribe o que lembres sobre a súa biografía (CD, CCL, CSC)²



Estes son os cadros que aparecen en escena e a súa representación. Sabes como se chaman? Procura o título e a data. Identifica e analiza a técnica empregada (CSC, CD, IEE,CPAA)

2 Este é o texto que se dicía na obra: “O meu nome é Magdalena Carmen Frida Kalho y Calderón, aínda que todo o mundo me coñece polo nome de Frida (QUE SIGNIFICA PAZ EN ALEMNÁN) Kalho, Frida Kalho.Nacín 6 o de xullo do 1910 en Coyoacán, na Cidade de México (NA VERDADE NACÍN NO 1907 PERO GÚSTAME DICIR QUE NACÍN NO ANO DA REVOLUCIÓN). Son filla de Guillermo Kalho e Matilde Calderón e as miñas irmás son Matilde, Adriana e Cristina e teño dúas medias irmás, Margarita e María Luísa.A partir dun accidente polo que sufría moitas dores tiveron que estar encamada moito tempo e aí comecei a pintar. Convertínme en pintora por accidente. Casei con Diego Rivera no 1929. El tamén foi un pintor importante de México, aínda que os nosos estilos eran diferentes (AI O MEU QUERIDO PANZÓN) **FRIDA CHAMABA A DIEGO CON ESTE NOME, DE XEITO CARIÑOSO** A pintura converteuse na miña vida. Cheguei a pintar máis de 200 pinturas e debuxos e fixen exposicións en París e Nova York.Este cadro titúlase FRIDA TEHUANA e pinteino no 1943.Outros cadros que pinteí foron: LA VENADITA, DIEGO Y YO, LO QUE ME DIO EL AGUA, MI NANA Y YO, ÁRBOL DE LA ESPERANZA, EL MARCO...”













Que se esconde tralo cartel da obra teatral FRIDA? Compón un cartel cunha mensaxe oculta!(CSC, CD, IEE,CPAA)







Crea a paleta de cores de FRIDA KALHO. Que cores emprega con máis asiduidade? Inspírate nestas definicións que ela mesma relatou. Que fermosa a festa de cores dos teus traxes! (CSC, CD, IEE,CPAA)



UNS FERMOSES VERSOS...



"Grazas por descubrirme as cores da terra, as cores da vida, a festa de cores dos teus traxes"



LINGUA GALEGA E LITERATURA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Ler expresivamente e analizar as diversas formas literarias que aparecen na obra. Atender ao ritmo, entoación e fluidez
- Analizar os recursos expresivos, formas literarias e temas nos poemas que aparecen na obra FRIDA
- Realizar unha composición literaria
- Investigar realizando unha recollida (gravada ou escrita) sobre contos, lendas, romances, ditos populares da literatura oral galega
- Elaborar un caderno persoal de composicións recollidas e feitas por unha mesma

CONTIDOS

- A CARTA E O POEMA
- PARALELISMO, SINESTESIA, ALITERACIÓN. O VERSO LIBRE. O PAREADO. A FORMA POPULAR.
- A LITERATURA ORAL E POPULAR
- A CREACIÓN PROPIA

ACTIVIDADES



Velaquí algunhas das formas literarias que aparecen na obra. Apetéceche lelas en alto e interpretalas dramaticamente? De que tipo de composicións se tratan? (CCL, CSC, CP)

1.

Querida Frida Frida Kalho: (EU SON FRIDA, PERO NON SON KALO) Son Henriqueta (AVOA?). Escribo esta carta pra agradecerche todo o que fixeches por min, pola miña nai e as miñas irmás, como nos arroupaches cando fuximos exiliadas da nosa terra, cando fuximos da guerra e ti nos acougaches o corazón.

Grazas por ensinarme as cores da terra, as cores da vida, a festa de cores dos teus traxes. Lembro o día que viñeches cun paquetiño branco e me dixeches sorrinte, “este traxe alegrarache o corazón”, e vaia que se o fixo, foi un talismán, un talismán que cura todo.

Grazas polas tardes na Casa Azul, onde coñecín os cervos e os monos, e que na Galiza non hai monos (É CERTO, AQUÍ NON HAI MONOS), onde vin por vez primeira un colibrí, e o seu bater de ás...hipnótico, (EU NUNCA VIN UN COLIBRÍ).

Querida Friducha, que sería de min se non te tivese coñecido, agora son unha muller libre. Sabes? por ti a miña netiña leva o teu nome (Frida). Agora é pequena, mais cando medre ha saber quen es: FRIDA KALHO. Adeus irmá, compañeira. Saúde, música e cores.

2.

ESCOITO CORES, PINTO SONS

O amor eléctrico é azul cobalto,

ven o son morno do verde azteca

pra que cante o ritmo das pingas maxentas.

As misteriosas pantasma son amarelas verdosas

pero o lento azul volve mariñas as notas,

(silencio)

nada é negro, realmente nada,

A melodía das cores pinta os meus sons.

3.

FRIDA, FRIDUCHA NON TE ESQUEZAS DE MIN,

VÍSTEME QUE TEÑO O CORAZÓN AO AIRE,

VÍSTEME QUE TI DE AZUL E EU DE BRANCO

FAREMOS UN CEO GRIS

CANTAREMOS COAS PINGAS VERMELLAS

QUE REPENICAN NAS NOSAS SAIAS

PIN PIN PIN PIN PIN

E DANZAREMOS AO SEU SON

E AO SON DA TERRA QUE LATE

NAS NOSAS MANS

FRIDA, FRIDUCHA, NON TE ESQUEZAS DE MIN

VÍSTEME QUE TEMOS QUE IR XOGAR

VÍSTEME QUE XA OIO AO LONXE O TIC TAC

4.

Colibrí que danza non lle medra a panza.

Enmarcarei o teu voo

E será unha monada

contando pepitas dos tempos de María Castaña.

Corazón de sandía

E que VIVA A VIDA!



Analizade entre todas os recursos, temática e contidos das composicións anteriores. (CCL, CSC, CP)



INVESTIGA! Fai unha recollida de contos, lendas e poemas. Anótaos e elabora un pequeno caderno persoal. Tamén podes levar unha gravadora! A quen che apetece entrevistar? (CPAA, CSC, CP, CSC, CCL)



Atrévete a facer ti mesma unha composición? Inspírate na natureza, nos animais, nas xentes, na vida! (CCL, CSC, IEE)



DESAFÍO FINAL...

Este é o último cadro que se mostra na peza.
Sabes de cal se trata? Velaquí unha pista!
(CCL, CD, CSC, CP, IEE, CSD, CPAA)



Árbore da esperanza, mantenme firme e que...

